Convocatoria de **2 Bolsas de Alumna/o Interna/o do Grupo de Investigación ESCULCA** (Coñecemento e Acción Educativa) (GRC do SUG)

Outubro 2026

Presentación

O Grupo de Investigación Esculca é un Grupo de Referencia Competitiva do Sistema Universitario de Galicia (SUG), que ten a súa sede na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. O seu eixo de interese non é outro que o de facer investigación educativa de calidade, a fin de contribuír a que o coñecemento e a acción educativa poidan disporse de tal xeito que sirvan para optimizar os procesos de aprendizaxe e o desenvolvemento individual e colectivo nas sociedades democráticas.

Nese senso, favorecer e promocionar a investigación educativa entre os mozos e mozas que se van graduando na universidade constitúe un dos seus principais cometidos. Razón dabondo para facer pública a presente convocatoria.

Requisitos

- Estar cursando o último ano dalgunha das titulacións de Grao de Ciencias da Educación.
- Estar cursando un Máster de Investigación en Educación.

Documentación

- Escrito de solicitude dirixido ao Coordinador do GI no que conste o enderezo electrónico e tlfno. móbil.
- *Curriculum Vitae* en lingua galega, española, ou inglesa no que conste a nota media do expediente académico.
- Esbozo dun proxecto de estudo (máximo 2 páxinas) vinculado a algunha das liñas de investigación do grupo (https://esculca.usc.gal/o-gi-esculca/presentacion-do-gi-esculca/) .
- Outros Méritos e/ou circunstancias que desexe facer constar.

Presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será do 13 de outubro ata as 14:00h. do 30 de outubro de 2026.

A documentación deberá ser remitida ao seguinte enderezo electrónico: jesus.garcia.alvarez@usc.es.

Selección

- O GI Esculca nomeará unha Comisión presidida polo Coordinador do grupo, ou persoa en quen delegue, a fin de valorar as candidaturas que se presenten, en tempo e forma.
- A Comisión poderá realizar unha entrevista coas persoas candidatas cando o estime oportuno. A decisión final da Comisión, que non será recorrible, comunicarase a través da páxina web do GI (https://esculca.usc.gal/)

Resolución

A presente convocatoria terá como data límite de resolución o día 15 de novembro de 2026.

Duración

Un ano, contado desde o día seguinte ao de facerse pública a resolución do Comité de Selección. Se fora necesario, de acordo coa avaliación da actividade desenvolvida, e se as condicións fosen favorables, podería prorrogarse por un segundo ano.

Beneficios da Bolsa

- Integración como membro colaborador do GI e participación sen custo nas actividades formativas que desenvolve o GI.
- Participación en grupos de traballo para contratos e/ou proxectos de investigación do grupo.
- Axuda económica do GI para a participación activa (con traballo aceptado) nun Congreso Nacional e/ou Internacional no tempo que dure a Bolsa.
- Apoio do GI diante de calquera solicitude de bolsa de investigación predoutoral.